

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 27 DE XUÑO DE 2013. Nº 6/2013.**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

**CONCELLEIROS:**

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.)  
D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO (P.P.)  
D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)  
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.)  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.)  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.)  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.)  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.)  
D. JOSÉ DOMÍNGUEZ CABALLERO (P.P.)  
D<sup>a</sup>. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.)  
D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.)  
D<sup>a</sup>. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.)  
D<sup>a</sup>. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.)  
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE)  
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE)  
D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE)  
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG)  
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG)  
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD)

**Ausente:** D<sup>a</sup>. BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS (PSdeG-PSOE)

**SECRETARIO XERAL:** D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**INTERVENTORA XERAL:** D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

## **INDICE:**

1. Aprobación , se procede, da acta da sesión anterior.....	páx. 3
2. Resolucions da Alcaldía: dación de conta.....	páx.3
3. Expediente de modificación de créditos nº 5-P/2013. Crédito extraordinario e Suplemento de crédito .....	páx. 7
4. Expediente de modificación da Ordenanza reguladora do SAF .....	páx.9
5. Proposta da Alcaldía en relación ao contrato de concesión do Lalín-Arena .....	páx.12
6. Moción do PSdeG-PSOE relativa á solicitude de paralización dos requirimentos de Facenda aos emigrantes retornados en relación á obriga de facer as declaracións de IRPF dende o ano 2008.....	páx.15
7. Mocións do BNG:	
7.1. Moción do BNG para o impulso e modernización do ferrocarril en Galicia.....	páx. 17
7.2. Moción do BNG contra a minería salvaxe e contaminante .....	páx.18
7.3 Moción do BNG para que non se practiquen fumigacións masivas con herbicidas na vexetación dos cómaros das estradas.....	páx. 19
8. Mocións por urxencia:	
8.1.Moción do PSdeG-PSOE para abrir unha vía para acadar a rebaixa da peaxe na autoestrada AP-53.....	20
8.2.Renuncia á acta de concelleiro de D. José Domínguez Caballero .....	páx. 23
9. Rogos e Preguntas.	
9.1. Rogos.....	páx. 23
9.2 Preguntas .....	páx. 24

=====

Sendo as dez horas do día 27 de xuño de 2013, xoves, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, *D. José Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

Non asiste á sesión D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias (PSdeG-PSOE).

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral D<sup>a</sup>. *Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

**Sesión ordinaria.** Precisamente o Sr. Alcalde-Presidente indicou que na convocatoria da sesión había un erro xa que constaba como extraordinaria, sendo que por acordo municipal acordouse que a sesión ordinaria, cando o día correspondente fose festivo se trasladase de común acordo dos voceiros a outro día. Isto foi o que sucedeu, que sendo o día 24 de xuño de 2013, a festividade de San Xoán en Galicia, trasladouse a sesión ordinaria ao xoves día 27 de xuño de 2013.

Por unanimidade dos asistentes acordouse ratificar esta corrección de erro na convocatoria e considerar a todos os efectos legais a presente sesión como ordinaria.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión ordinaria do día 27 de maio de 2013. De seguido, o Sr. Presidente preguntou aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoa por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de maio de 2013, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

### **2.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-**

### **3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 5-P/2013. CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.-**

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 20 de xuño de 2013.

Polo grupo de goberno *D. Manuel Gómez Estévez*, edil delegado de Facenda, explicou o expediente. Había dous asuntos que se recollían no mesmo: a aportación municipal aos desfibriladores da Deputación Provincial e a achega para o mantemento do servizo da depuradora de Losón.

Polo PSdeG-PSOE, *D. Manuel M<sup>a</sup> González Aller* adiantou o voto positivo do seu grupo,

se ben indicou que facía catro anos desde que o seu grupo presentou unha moción para contar cos desfibriladores, era unha cousa boa e agradecía que por fin se adquirisen.

Polo BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** amosou o seu voto a favor.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** salientou tamén que votaría a favor.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, **aprobose** o expediente segundo a proposta da Alcaldía, do seguinte tenor:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito número 5-P/2013 a financiar mediante a baixa de crédito doutras partidas non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para a achega municipal á adquisición de tres desfibriladores que a Deputación Provincial de Pontevedra concedeu a este Concello para as instalacións deportivas municipais, financiados nun 50% pola Deputación, correspondendo ó Concello de Lalín unha achega de 1.947 € polos tres desfibriladores. Ao mesmo tempo, trátase de suplementar o crédito previsto para a achega do Concello de Lalín á Mancomunidade Terras de Deza, derivado da necesidade de facer fronte ó custe do subministro de enerxía eléctrica á Depuradora de Losón que abastece a poboación dos concellos de Lalín e Vila de Cruces, polo que o Concello de Lalín debe asumir o 50 % do citado custe, o que suporá un incremento da achega municipal ó mantemento dos gastos da Mancomunidade, polo que **propoño a adopción do seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de modificación de créditos nº5-P-2013, consistente nun Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, financiado mediante a baixa de crédito doutras partidas non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
342.761.00	Instalacións deportivas. Achega municipal á adquisición de desfibriladores	1.947,00
	TOTAL ALTAS	1.947,00 €

2.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Suplemento de Crédito:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
943.463.00	Transferencias á Mancomunidade	5.000,00
	TOTAL ALTAS	5.000,00 €

3.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

A baixa de crédito das seguintes partidas do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
-------------------	---------------------	------------------

920.120.03	Administración Xeral. Salario básico funcionarios Grupo C1	6.947,00
	TOTAL BAIXAS	6.947,00 €

Son coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento.

**Segundo.-** Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

**Terceiro.-** Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

#### **4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SAF.**

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 20 de xuño de 2013.

Polo grupo de goberno, **D<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey**, Concelleira Delegada de Benestar e Emigración, explicou o expediente. Tratábase con esta proposta de dar cumprimento a unha norma, o Decreto 99/2012, de 16 de marzo da Xunta de Galicia en concreto á Disposición Derradeira Primeira, que establece o tempo que dispoñen os Concellos de 18 meses, desde a súa publicación, para adaptar o prezo público á dita norma, prazo que acaba agora en setembro.

En libre concorrència cambian os preceptos xa que se computarán o patrimonio neto da persoa perceptora e o de todos os membros da unidade familiar.

Hai 44 usuarios en libre concorrència e 63 usuarios en dependencia.

Deu datos e cifras deste apartado.

É de destacar que cada un deles aportará importes diferentes con variacións respecto aos demais na modalidade de dependencia.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel M<sup>a</sup> González Aller** indicou que as táboas que se presentaban para aprobar eran inxustas.

No sistema de dependencia había pouco que tocar porque en función dos niveis e número de horas había unhas porcentaxes a aplicar. En todo caso as críticas debían ser feitas ao Decreto da Xunta de Galicia que non deixa marxe e que cambia as contías a abonar.

Así con todo, no sistema de dependencia (art. 61.2) os dependentes necesitados pagarían máis que antes. Os niveis e graos que se recollían na proposta eran inxustos.

En libre concorrència (art. 62.1) tamén estaba en desacordo cos datos da proposta en relación cos da Xunta de Galicia que admite marxes maiores. A proposta recolle a media destas porcentaxes.

Os que estean no umbral do 1,5 % ao 2 % do IPREM pagarán o 35 %, cando antes pagaban o 15%. E esta cota seguía a aumentar segundo os intervalos.

Isto non era casual, senón unha concesión cos tempos que corren e coa política que se practicaba no Estado e e Galicia de recortar en servizos públicos, algo que non debía ser a costa de recortar nos servizos sociais básicos.

Tamén eran desproporcionadas algunhas tarifas iguais nalgúns casos ao 2,3 veces o IPREM.

A maiores o Concello non se compromete en nada.

Esta ordenanza que agora se aprobaba había que vela no contexto da política municipal. Así, o

gasto definitivo en Servizos Sociais do Concello no ano 2011 chegou a 344.428 €, dos que se partía da subvención da Xunta de Galicia de 326.000 euros, e 58.000 € a cargo dos usuarios. A isto había que sumar outros 1.000 € que era o custo real que poñía o Concello para estes servizos, aportación que se vía que era mínima.

Sobre a aportación en dependencia e a axuda no fogar no ano 2012 non tiñan datos.

Estaban en desacordo coa proposta de nova ordenanza e pediu que o Concello se implicase máis e con máis cartos para dotar estes servizos sociais como procedía.

Polo BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén quixo incidir no feito de que o orzamento municipal recollía unha achega mínima. Tratábase de poñer cartos aquí, no eido dos servizos sociais e onde máis se necesitaban, e non noutro lado, noutras partidas e gastos. Isto ademais había que facelo ano tras ano.

O seu grupo estaba preocupado por estas novas tarifas e coidaba que estaban mal calculadas as contías mínimos das distintas tarifas.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** cualificou a proposta como unha expresión da estratexia de involución que seguía a Xunta de Galicia e que aplicaba recortando nos servizos públicos e sociais. Entendía que o Concello de Lalín debía facer un esforzo engadido e aumentar as súas aportacións nesta área.

De novo **D<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey** reiterou que a proposta tiña como misión adaptarse á normativa da Xunta, ao Decreto vixente. O Servizo de SAF non tiña redución nas aportacións dos particulares no eido do servizo de dependentes en relación cos usuarios do ano 2011.

Os usuarios de libre concorrencia seguirán sendo os mesmos: 44 usuarios. Deles, 18 aportarán 0 €; no seguinte tramo pagarían o 15%. O Concello mantén o prezo público aos usuarios para que sigan pagando o mesmo.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel M<sup>a</sup> González Aller** volveu insistir en que no tramo baixo pagaban o 0,80%, namentres que no tramo de 0,80% ata o 1,50% pagarán o 15 %; nos seguintes o 35%, o 55% e o 75%, situándose na media dos máximos e mínimos recollidos polo Decreto da Xunta de Galicia; excedían dos mínimos posibles.

Sucedía que namentres se incrementan as porcentaxes e as cotas a abonar, pola contra na vida real non sobran os cartos aos posibles usuarios e se baixan os soldos dos traballadores, dispoñendo cada vez de menos recursos.

Coidaba que non se podía comparar o esforzo que realizaba o Concello en outras actividades co esforzo que lle supón ao Concello aportar 1000 € ao ano nos Servizos Sociais. Lembrou que se gastaban moitos máis cartos municipais en calquera actividade que no eido social, poñendo exemplos como a Feira do Cocido, no Lalín Arena e en moitas outras actividades municipais.

De aprobala non se baixarían ata as porcentaxes mínimas que contempla a Xunta de Galicia.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** afirmou que o que se cuestionaba tamén era a baremación que se recollía na proposta, porque a que a Xunta de Galicia contemplaba no seu Decreto era máis ampla. Discute á Xunta de Galicia que baixaba os criterios porque a poboación de Lalín está máis envellecida.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** incidiu en que se podía facer un maior esforzo de cara a algúns colectivos. Votará en contra polo dito anteriormente.

De novo **D<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey** ratificou o xa dito. Non era certo que se superasen as porcentaxes que recolle a Xunta de Galicia, senón que se manteñen as mesmas porcentaxes en libre concorrencia. Efectivamente, en dependencia ían modificarse.

Indicou que a proposta era esa e non se facían comparativas con outras áreas ou servizos. Si quixo destacar que neste servizo non había lista de espera. A poboación de Lalín estaba envellecida e o traballo de grupo era importante. O Concello non tiña interese recadatorio neste tema. As aportacións con un ou outro sistema eran similares. As aportacións cun ou outro sistema

eran similares en libre concorrencia, non así en dependencia, onde si vai supoñer variacións.

O PSdeG-PSOE por medio do seu voceiro, **o Sr. Manuel María González Aller**, presentou unha emenda ao expediente do seguinte tenor:

*“Modificar as porcentaxes que recolle a proposta da Concellería Delegada de Servizos Sociais no apartado de libre concorrencia contemplando as porcentaxes mínimas que recolle o Decreto da Xunta de Galicia 99/2012, de 16 de marzo (DOG nº 64, venres 30 marzo 2013) polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. Así no seu art. 62.1. onde regula a participación no custo do servizo de SAD básico nos distintos tramos sería:*

*O 10% (cando di entre o 10% e o 30%), o 20% (onde di entre o 20% e o 50%); o 40% (onde di entre o 40% e o 70%) e o 60% (cando di entre o 60% e o 90%).*

Houbo de seguido un debate entre **D. Manuel María González Aller e D<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey** sobre os extremos da proposta e o Decreto vixente. O primeiro sostíña que o seu grupo quería que se baixasen as porcentaxes ata os mínimos que recolle o devandito Decreto; a segunda sostíña que coa proposta ou coa ordenanza anterior as persoas que estaban en libre concorrencia serían as mesmas e pagarían importes similares. O primeiro aludiu a posibles novas incorporacións aos que serían aplicables as novas tarifas.

Sometida a votación ordinaria a emenda proposta, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: seis (6), sendo tres (3) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.  
Votos en contra: catorce (14) do PP.  
Abstencións: ningunha.*

Xa que logo, **rexeitouse** a emenda presentada polo PSdeG-PSOE.

Sometida a votación ordinaria o expediente coa proposta da Concelleira Delegada, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: catorce (14) do PP.  
Votos en contra: seis (6), sendo tres (3) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.  
Abstencións: ningunha.*

Xa que logo, **aprobouse** a proposta do seguinte tenor:

O servizo de axuda no fogar configúrase como un programa básico dentro dos servizos sociais comunitarios que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas e familias no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu medio habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para as cales resulte un recurso idóneo de atención.

En data 31 de marzo de 2012 entrou en vigor o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, na súa disposición derradeira primeira estipula que **as corporacións locais disporán dun prazo de dezoito meses para a adaptación das súas ordenanzas municipais ao disposto neste decreto. De aí a necesidade**

**de aprobar unha nova ordenanza e prezo público para adaptarse a este mandato normativo, polo que o Concello Pleno acordou:**

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar.

**Segundo.-** Derrogar a Ordenanza Reguladora de Axuda no Fogar publicada no BOP nº 201 de 19 de outubro de 2009 e do Prezo Público pola Prestación do Servizo de Axuda no Fogar publicado no BOP nº 163 de 25 de agosto de 2009 coa modificación publicada no BOP nº 132 do 13 de xullo, cando a Ordenanza, que se presenta para a súa aprobación, entre en vigor.

**Terceiro.-** Expoñer ao público este expediente polo prazo de trinta días na Secretaría do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación Municipal, durante os cales os/as interesados/as poderán examinalo e presentar reclamacións que estimen oportunas de acordo co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**Cuarto.-** A Ordenanza considerárase definitivamente aprobada, de conformidade co artigo citado no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

## **5.- PROPOSTA DA ALCALDIA EN RELACIÓN AO CONTRATO DE CONCESIÓN DO LALIN ARENA-**

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa extraordinaria de Facenda e Patrimonio do día 21 de xuño de 2013.

O Sr. Alcalde **D. José Crespo Iglesias** explicou o que se pretendía. Afirmou que o expediente xurdiu a raíz da petición da empresa Gaia Lalín Arena SL de precurso nas instancias xudiciais, argumentando a evolución negativa da empresa.

O Concello traballou estudando o caso, sobre todo a *Srª Interventora*. Pedíronse varios informes para estudar e coñecer a situación; tamén se viu a posibilidade de concertar un préstamo e as condicións dos mesmos.

Había unha idea clave para entender a posible resolución que non se sabía: non podía haber enriquecemento inxusto polo propio Concello. Os informes técnicos dirán o que hai que pagar.

Diante de todo había que garantir que os usuarios seguirían utilizando a instalación e que de ser viable, o expediente de resolución viría ao Pleno cos informes preceptivos.

Se houbo acordo, o Concello tería que pedir un préstamo para facer a operación, se así resultase. Pero estaba todo condicionado a que non houbo que pedir dita autorización por concertar un préstamo. Se o houbo que solicitar, non se faría a operación.

A negociación será persoal, pero podería haber reunións de voceiros para dar información, se así se acorda.

Repetiu que este expediente era un paso previo, porque se había acordo, viría a sesión plenaria o expediente de resolución por mutuo acordo, con informes técnicos, e proposta, para logo asinar o contrato. As condicións da resolución que se acordase estarían no propio documento.

Reiterou que a continuidade do servizo e o mantemento dos contratos cos traballadores estaban garantidos e que isto era importante.

Doutra banda constan xa varios informes que indicaban as deficiencias que contén o edificio e que a empresa concesionaria ten que corrixir. Porque o Lalín Arena, de collelo, será en perfecto estado de revista. Gaia Lalín Arena S.L é a responsable. As obras chegan a 340.000 €.

Finalmente leu a parte dispositiva da proposta.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** indicou que neste asunto había moita escuridade e falta de transparencia. Sinalou que había dous escritos da empresa Gaia Lalín Arena S.L. de data 31-1-2013 e de 14-2-2013 presentados no Concello e dirixidos ao Pleno. De



todo isto non se dixo á oposición política nin se informou a ninguén. Ademais había dous decretos de 9 e 10 de abril da Alcaldía deste ano, dos que non se deu conta ao Pleno en prazo.

A situación iniciábase por un proceso de precurso, que xa rematou. A día de hoxe non había unha solicitude de concurso da empresa; puidera ser que non haxa tal insolvencia. É dicir pode que non haxa motivo real para solicitalo, polo menos dun xeito tan inmediato e forzoso como se pretendía, e que empresa o que realmente desexe é marchar de aquí. Desde logo a posición do Concello non é para negociar moito á baixa.

Visto o expediente, reiterou que o Sr. Alcalde levaba xa catro meses co mesmo e sen informar a ninguén. Diante dunha xestión tan desastrosa e evidente, que ben puido ir ao Pleno do mes de marzo, dando conta de todo e non se fixo. Preferiuse ter todo tapado e ocultouse toda a información á oposición.

A situación non era boa para a empresa, porque quere desentenderse do servizo, despide traballadores, reduce horarios e incumpre así o prego de condicións da concesión. Isto era importante e había que velo, porque ao mellor habería que esixir responsabilidades á empresa.

A información recibida era puntual, e podía ser unha artimaña da empresa para conseguir o que busca: irse de Lalín.

Preguntou para rematar: ¿Por qué non se presentaron ao Concello Pleno os escritos da empresa para o seu debate?

Desde o grupo do BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño**, manifestou que o seu grupo tiña unha visión turbia deste asunto, porque non contaban con isto. No acordo que se buscaba no lle ían dar un cheque en branco ao grupo de goberno, algo que seguramente suporá unha hipoteca para o futuro do Concello.

A idea que pode estar detrás e que manexa o grupo de goberno sería a de licitar o Lalín Arena e a piscina Municipal conxuntamente: darlle a explotación a un terceiro. A este respecto salientou que o Sr. Alcalde xa dixo algo parecido con anterioridade. A saída final sería a explotación en conxunto do complexo.

Agora mesmo había que ver a posibilidade que hai de acordar con Gaia a resolución do contrato. O importe a pagar sería duns sete millóns de euros, cifra alta e temeraria e que hipotecará ó Concello durante moitos anos. Seguramente de non precisarse autorización para esta operación, se se fai, quedaremos ao límite.

Había que destacar que a xestión deste tema do Gaia Lalín Arena desde o principio polo grupo de goberno foi nefasta, e non se contou coa oposición para nada. Por elo díxolles ao grupo de goberno: *“Tedes que comelo e bebelo vos”*,

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** coincidía tamén cos anteriores intervinientes en que había escurantismo neste tema, porque non se informou nin se dixo nada. Diante de todo isto había que dar transparencia en todo o que se faga sobre o Lalín Arena. Había que ter informes técnicos e se fose posible adoptar a decisión que se tome por consenso de todos, se elo é viable.

De novo **D. José Crespo Iglesias** quitou transcendencia ao feito da falta de comunicación á oposición dos dous escritos anteditos, xa que non eran transcendentales, Nin para Gaia nin para o Concello foi unha sorpresa a petición de precurso, porque se vía vir.

Os escritos estudámoslos en profundidade e cos seus efectos e consecuencias. Diante todo había que dicir que este era un tema complexo, difícil e técnico. *“Eu fixen todo o mellor posible e tamén os técnicos, a Interventora e os avogados e consultores das empresas de Madrid”*, manifestou. Manexamos os datos que temos. Había moitas cuestións importantes que ver. Por exemplo soamente o tema do IVE ascende a mil cincocentos millóns de euros. Había que ter este tema claro, porque se houbese que pagalo ao mellor non se faría a operación. Tendo en conta todo isto, e o tema concursal non foi ao Pleno anterior.

*“Agora se estamos fora de prazo, isto é un problema da empresa, non do Concello. Calquera acreedor pode pedir o concurso de acreedores”*, afirmou. A responsabilidade en caso de habela sería dos administradores. O Concello non pode acudir á subasta e levarse a concesión polo mellor prezo, porque está prohibido o enriquecemento inxusto ás administracións públicas.

O canon a pagar era o da construción e había que descontalo do prezo da instalación. O outro

canon, o da explotación, non había que descontalo.

No futuro xa se verá se imos pola xestión directa ou indirecta da instalación do Lalín Arena. Hoxe non estaba nada decidido.

En canto aos desperfectos da instalación, sinalou que había un informe do técnico municipal cifrando os mesmos en 346.000 € que deberá investir a empresa no arranxo dos mesmos.

Recordou que o Lalín Arena construíuse xunto co Concello nunha época de bonanza económica. Daquela o Concello tiña ingresos de sobra. Hoxe mesmo dispoñemos de solares que agora valen menos e que antes puidemos vender. Puxo algúns exemplos. Se non fose pola crise económica non existiría este problema, xa que teríamos cartos dabondo.

Insistiu en que con este acordo o Concello libraríase da concesión de 40 anos, dos que quedan aínda 37.

Non había nada que ocultar desde o goberno municipal deste asunto. Negociarase todo e direi o resultado. Se sae ben a operación, Lalín polo prezo máis barato de Galicia, dará uns servizos na instalación do Lalín Arena aos seus veciños que só os dan hoxe as grandes cidades.

Tamén pódese sacar todo en conxunto, coa piscina municipal.

De novo **D. Manuel María González Aller** volveu falar indicando que eles como grupo sempre criticaron a xestión deste tema. Non estaban de acordo en facer esta obra, o Lalín Arena. Eles querían un edificio multiusos máis axeitado para o que é Lalín; o mesmo que pasou co Concello: querían un edificio máis acorde con Lalín.

Xurdiu un problema a maiores agora que ven da empresa pero que afecta ao Concello.

Xa se verá se o prezo é de saldo ou non. Reiterou que hoxe non estaba solicitado o concurso, e a empresa quería negociar porque lle interesaba o acordo e marcharse de aquí.

Finalmente volveu a falar do tema de que non se informou á oposición, de que o Concello levaba desde o mes de febreiro con este tema sen darllo a coñecer, e facendo o que quixo. Faltou transparencia e escurantismo neste tema.

Houbo un debate de seguido. **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** insistiu en que había dous decretos do mes de abril e non se deu conta ao Pleno, apuntando ao Sr. Secretario como responsable do tema.

O funcionario en cuestión, o Sr. Secretario, manifestou que ata o día 17 de xuño de 2013 non tivo coñecemento ni participou en nada deste tema.

O Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, indicou que o tema levouse así pola complexidade do asunto e para que puidera saír adiante. De non levarse así, non se podería facer.

Tamén nesta segunda rolda, **D. Xesús Cordeiro Budiño** reiterou que votarían en contra da proposta polos motivos xa expostos.

**D. Camilo Conde López**, do PGD repetiu o xa dito, insistindo en que non houbo transparencia e había que informar e dar todos os datos á oposición para traballar na busca de solucións viables co maior consenso posible.

Finalmente **D. José Crespo Iglesias** dixo que o tempo dará ou quitará a razón a uns e outros, e porá a cada un no seu lugar.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: catorce (14) do PP.*

*Votos en contra: tres (3) do PSdeG-PSOE.*

*Abstencións: tres (3), sendo dúas (2) do BNG e unha (1) do PGD.*

En consecuencia, **aprobose** a proposta da Alcaldía do seguinte tenor:

Mediante escritos de datas 11 e 18 de febreiro do ano en curso (rexistrados de entrada cos números 1027 e 1069, respectivamente), **GAIA LALÍN ARENA, S.L.** comunica ó Concello o Decreto do Xulgado Mercantil nº 2 de A Coruña, que acorda deixar constancia da comunicación previa do Concurso e homologación xudicial 32/2013.

A indicada comunicación obriga a valorar sobre a conveniencia de levar a cabo negociacións coa concesionaria co obxecto de acadar unha resolución amigable do contrato concesional con ela asinado, ou deixar que, de ser o caso, se declare á concesionaria en situación concursal, o que necesariamente implica a constatación da súa insolvencia e conseguinte obriga para o Concello de levar a cabo a resolución e posterior liquidación do contrato (artigos 264.b, 265.2 e 266 do TRLCAP), o que derivaría en que o Concello recibiría todos os bens afectos á concesión e o concesionario o importe do investido e pendente de amortizar.

Malia a dificultade e a complexidade que presenta a nova situación, esta Alcaldía entende que o máis conveniente para os intereses dos veciños, plasmados neste caso especialmente en garantir a continuidade do servizo que se lles está a prestar, é intentar chegar a un mutuo acordo con **GAIA LALÍN ARENA, S.L.**; para acadar esta finalidade é preciso, por mor dos prazos e procedementos concursais, adoptar sen máis dilación o correspondente acordo polo órgano competente para o efecto, que non é outro que o Pleno desta Corporación.

En base ó exposto o Concello Pleno, **ACORDOU:**

Primeiro.- Recoñecer o interese público de negociar con **GAIA LALÍN ARENA, S.L.**, derivada do perigo que corre a correcta execución do servizo, pola posible insolvencia da empresa concesionaria posta de manifesto na solicitude de precurso.

Segundo.- Facultar á Alcaldía para iniciar as correspondentes negociacións con **GAIA LALÍN ARENA, S.L.**

Terceiro.- Dar conta ó Xulgado e á concesionaria deste acordo.

Cuarto.- Condicionar todo o anterior a que o Concello poida acadar unha axeitada financiación, segundo o correspondente criterio técnico.

## **6. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á SOLICITUDE DE PARALIZACIÓN DOS REQUIRIMENTOS DE FACENDA AOS EMIGRANTES RETORNADOS EN RELACIÓN Á OBRIGA DE FACER AS DECLARACIÓN DE IRPF DENDE O ANO 2008.**

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 10 de xuño de 2013, con entrada municipal o día 11 de xuño de 2013 co número de rexistro 3278. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 20 de xuño de 2013.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** expuxo a moción. Indicou que a moción non era de partido, senón súa, persoal, de *D. J.A. Cristóbal Fedez Vázquez*. Sinalou que as reclamacións do Ministerio de Facenda ían dirixidas a que os emigrantes retornados tributasen polas pensións devengadas cando traballaron no estranxeiro; os seus destinatarios non eran desde logo os evasores fiscais ou os amnistiados por fraude fiscal. Destacou que a meirande parte das reclamacións afectaban a persoas maiores, con pensións de reducido importe e moitas delas con necesidades. Leu de seguido a parte dispositiva da moción e pediu o apoio de todos os grupos.

Desde o BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** adiantou o seu apoio estando de acordo coa mesma. Non obstante, a modo de emenda propuxo o seguinte:

*“Solicitar que se faga un seguimento dos casos, elaborando unha casuística persoal dos emigrantes afectados, constituíndo unha comisión co fin de que se teñan en conta as circunstancias persoais, os ingresos e os distintos tramos de ingresos do IRPF e as débedas das persoas afectadas.”*

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** estaba de acordo coa moción diante das inquietantes circunstancias legais que afectaban negativamente á xente que traballou fóra, que estiveron no estranxeiro. Lembrou que moitas destas pequenas pensións estaban exentas nos seus países de orixe, pero parece que aquí, non, o que era preocupante.

En todo caso amosouse disposto a solicitar unha reforma fiscal que teña en consideración ás contías das mesmas e as circunstancias dos afectados. Era un pago inesperado para estas persoas que había que solucionar. En todo caso, se non fora posible evitar a súa tributación, había que ir a unha reforma fiscal.

Desde o grupo popular, **D. José Crespo Iglesias** sinalou que con estas medidas do Ministerio de Facenda, os emigrantes españois e galegos estaban fastidiados, porque agora se lles reclama o pago dos impostos polas ditas pensións que cobran do estranxeiro, e mesmo con sancións. Non se tiñan en conta, e deberan terse, as condicións persoais e as circunstancias dramáticas de moitos dos afectados. Estaban de acordo coa moción e votarían afirmativamente.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, **aprobose** a moción do PSdeG-PSOE e emenda do BNG, do seguinte tenor:

Desde o pasado mes de marzo aproximadamente, milleiros de pensionistas galegos emigrante e viúvas de emigrantes que perciben pensións de outros países, entre eles moitos lalinenses, están sendo notificadas por Facenda para que presenten as sucesivas declaracións da renda desde o ano 2008.

Moitos xa recibiron varias notificacións e unha vez presentadas as declaracións empezan a comunicarlles tamén as sancións.

Estamos ante reclamacións de pensións de países como Alemania, Francia, Suíza, Bélxica, etc., pensións que en moitos casos nos países de onde proveñen están exentas de tributar pola súa contía, pensións que nalgúns dos documentos aos que tivemos acceso non supoñen máis de 800-900 euros ao ano (ou incluso menos da metade nos casos de viudedade), e que para coñecer o seu importe total as persoas afectadas teñen que ir ás súas entidades bancarias e sumar as cantidades percibidas durante o ano anterior porque ningún organismo oficial deses países comunica cada ano a contía da pensión a percibir nin teñen ningún tipo de retención.

Reclamacións que si sumamos á complementaria máis as sancións por non habelas declarado no seu día, poden chegar a cifras de 12.000 ou 15.000 euros por eses 5 anos, para as que a Facenda estatal ademais dá uns prazos de devolución moi curtos e ademais con intereses.

A información oficial é confusa sobre quen ten a obriga de declarar e sobre os procedementos; de feito ata agora era habitual que nas propias delegacións da facenda estatal se lles comunicase aos pensionistas que as pensións estranxeiras non tiñan que declaralas, e o feito constatable de que están recibindo por milleiros as reclamacións confirma que a meirande parte dos pensionistas entendían que non era obrigatorio declarar estas pensións.

Mesmo hai sentenzas xudiciais que así o entenden, pero a pesares disto están chegando máis e máis notificacións, e cando un contribuínte recibe a reclamación dun ano e voluntariamente e para demostrar que non houbo intencións de ocultar estes ingresos á facenda trata de entregar as complementarias dos demais anos que lle poden reclamar, xa están notificándolle dende a Facenda o seu requirimento, evitando así que poida “librarse” da sanción por non habela presentado.

As persoas notificadas están sumidas nun mar de dúbidas, non só pola escasa e pouco clara información que reciben da facenda pública e a contradición evidente coas sentenzas xudiciais xa existentes, senón polo grave problema que lles supón un desembolso económico desa magnitude, cuns prazos tan curtos e con intereses, nun momento no que as economías familiares non son moi boiantes e mesmo as persoas con pensión en moitos casos son o principal sustento de moitos fogares.

A vía xudicial en persoas de idade avanzada, con custos de avogados, procuradores, taxas xudiciais engadidos aos custos de sancións e declaracións complementarias non se rebela como unha solución axeitada para estes casos. Namentres o goberno de *Rajoy* fai amnistías fiscais para os poderosos, todo parece indicar que cos máis humildes hai toda unha campaña orquestada para recuperar ingresos para o estado por esta vía.

Ante esta situación, que xa está xerando unha grave alarma nas persoas pensionistas e considerando o elevado número de emigrantes que tivemos nesta comarca, **o Pleno** deste Concello, ao abeiro dos artigos 104 e 105 do *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, acordou:*

**Primeiro.-** Solicitar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a paralización inmediata dos requirimentos aos emigrantes retornados (ou ás súas viúvas) en relación coa súa obriga de faceren todas as declaracións dende o ano 2008 inclusive así como dos procedementos de xestión tributaria correspondentes, e a busca dunha solución xusta e axeitada.

**Segundo.-** *“Solicitar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que faga un seguimento dos casos, elaborando unha casuística persoal dos emigrantes afectados, constituíndo unha comisión co fin de que se teñan en conta as circunstancias persoais, os ingresos e os distintos tramos do IRPF e as débedas das persoas afectadas.”*

## **7.- MOCIÓNS DO BNG.**

### **7.1. MOCIÓN DO BNG PARA O IMPULSO E MODERNIZACIÓN DO FERROCARRIL EN GALICIA.**

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción presentada polo grupo municipal nacionalista de data 6 de xuño de 2013, con entrada municipal o día 7 de xuño co número de rexistro 3204. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 20 de xuño de 2013.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** explicou que a moción se presentou á vista da política que en materia de ferrocarril se está a realizar polo goberno central. Lalín por mor destas novas liñas a seguir quedaría apartada e sen estación ferroviaria. A idea de que a Estación de Botos quedase como un apeadeiro de produtos agrarios quedou fora co TAV - Ourense -Santiago. Tampouco se sabe nada da petición efectuada polo Concello para instalar unha lanzadeira en Botos. En suma, diante desta coxuntura na que Lalín quedaría sen comunicacións ferroviarias, presentaron esta moción. Finalmente leu o que se pedía na parte dispositiva da mesma.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** destacou que era importante que Lalín estivese ben comunicada. Hoxe parecía inevitable que a estación de Botos quedase fora do mapa ferroviario. Doutra banda non se sabía nada da lanzadeira. Lembrou que eles como grupo sempre apostaron polo tren como vía de comunicación, dentro da política de manter servizos públicos. A realidade era que agora Lalín quedaría sen tren. Por isto apoiaban a moción.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** amosou o seu acordo co mantemento de servizos necesarios para a comunidade. Cando isto non se consegue, algo falla. Avogou por manter un servizo coma o tren para que non se perdan.

Desde o grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González** indicou que o novo plantexamento da política ferroviaria non afectaba só a Lalín, senón que era para todo España e Galicia. Coas novas liñas de actuación quería vertebrar doutro xeito o sistema de comunicacións ferroviarias máis acorde coa realidade das demandas e prestacións. Lembrou que no ano 2010 aprobouse solicitar o mantemento da Estación de Botos. Non obstante coa chegada do AVE (en realidade TAV) modificouse isto, e Lalín quedou fora. Por isto tentouse que Lalín quedase como unha estación adicada ao transporte de mercadorías. Hoxe non se sabía nada disto, pero de feito xa algunha empresa estableceu nas proximidades da estación de Botos unha plataforma loxística. Rexeitarían a moción polo dito anteriormente.

*Na moción pedíase instar á Xunta de Galicia a:*

*1.- Reclamar do Goberno do Estado que desista do proceso de desmantelamento e privatización de servizos ferroviarios no noso país, reclamando o mantemento das liñas existentes e unha mellora dos servizos e frecuencias que se veñen prestando en territorio galego.*

*2.- Demandar do Estado as transferencias en materia de ferrocarril interior, xunto cun financiamento axeitado, co obxectivo de crear unha compañía pública ferroviaria galega que mellore a prestación deste servizo no noso país e permita acometer as infraestruturas e desenvolver os servizos de transporte ferroviario na Galiza que contribúan á vertebración económica, social e territorial do país.*

*3.- Demandar do Goberno do Estado o mantemento e desenvolvemento dos talleres e actividades auxiliares existentes na Galiza, así como a creación de módulos de Formación Profesional vinculados á actividade ferroviaria.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: seis (6), sendo tres (3) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.*

*Votos en contra: trece (13) do PP.*

*Abstencións: unha (1) do PP, D. Camilo González Bodaño.*

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

## **7.2.- MOCIÓN DO BNG CONTRA A MINERÍA SALVAXE E CONTAMINANTE.**

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción presentada polo grupo municipal nacionalista de data 10 de xuño de 2013, con entrada municipal o día 17 de xuño co número de rexistro 3409. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 20 de xuño de 2013.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** explicou o sentido da moción. Resaltou que o actual mapa de proxectos previstos en Galicia con cincuenta novas explotacións que se queren por en marcha. Isto parecía “o franquismo”. Nunca antes se vira algo así. Este novo impulso que se quere dar á minería era moito máis nocivo ao medio ambiente que os de antes. Había sistemas como o flakings que utilizaba metais pesados coma o cianuro e o arsénico para buscar os metais, e isto contamina amplas zonas de terra e as augas de superficie e subterráneas. Había que ter moito coidado coa extraccións mineiras, e a nivel de partido non estaban de acordo coa política e cos criterios que seguía o Consello Galego da Minería.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** estaba de acordo coa moción. Coidaba que Galicia, á vista das peticións que había de explotacións mineiras, parecía África e non a Europa do século XXI. O peor de todo eran os métodos previstos que se utilizarían con

materias moi contaminantes, como eran o cianuro e o arsénico, disolventes que contaminarían moitas zonas de Galicia. Por elo non era de recibo asumir esta nova política mineira e votarían a favor da moción e en contra da actual política mineira da Xunta de Galicia.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** precisou que votaría a favor porque a moción tiña toda a razón de ser e que o que se pedía era lóxico.

Desde o grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González** afirmou que a moción presentada polo grupo nacionalista era xenérica e de partido.

Era certo que había un Plan Sectorial en Galicia, pero todo arrancaba da mina proxecto a ceo aberto en Corcoestro (Coristanco). Esta petición de explotación non estaba autorizada, e houbo outras que non se autorizaron, como foi o caso doutra mina en Xinzo de Limia (Ourense).

Por alusións o flaking non estaba autorizado en Galicia nin na Unión Europea.

O seu grupo ía rexeitar a moción porque o que tería que rexer era o cumprimento da lei de minería. Se autorizarían as que cumpran os parámetros e condicións e rexeitaríanse as que non as cumpriran. Por isto votarían negativamente a moción.

*Na moción pedíase instar á Xunta de Galiza a:*

*1.- Retirar o documento de inicio do Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza e elaborar un novo coa participación e consenso dos axentes que deben formar parte do Consello Galego da Minaría, como marca a Lei 3/2008, de ordenación da minaría de Galiza.*

*2.- Prohibir a extracción de minerais metálicos polo sistema de ceo aberto, eliminando completamente o uso de cianuro ou substancias perigosas que poñan en risco a saúde ambiental e das persoas, así como as técnicas "flaking" en todo o territorio galego, incluída a plataforma continental.*

*3.- Crear con urxencia o Consello da Minaría da Galiza, tal como establece a Lei 3/2008 de ordenación da minaría, polo carácter estratéxico dos recursos existentes no subsolo e plataforma continental, e deixar de conceder permisos de exploración, investigación e explotación, mentres tanto.*

*4.- Esixir o establecemento de seguros de cobertura suficientes de responsabilidade civil por eventuais accidentes e constituír un Fondo de Restauración Ambiental para garantir a reparación do medio afectado pola actividade mineira, unha vez concluída esta.*

*5.- Someter as autorizacións de explotacións mineiras ao impacto que teñan sobre outras actividades económicas que son sustento básico da economía da Galiza e que dependen tamén doutros recursos naturais, como os agrogandeiros, pesqueiros, hídricos, turísticos, forestais ou de lecer.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: seis (6), sendo tres (3) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.*

*Votos en contra: catorce (14) do PP.*

*Abstencións: ningunha.*

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

### **7.3.- MOCIÓN DO BNG PARA QUE NON SE PRACTIQUEN FUMIGACIÓNS MASIVAS CON HERBICIDAS NA VEXETACIÓN DOS CÓMAROS DAS ESTRADAS.**

Deuse conta pola Presidencia desta moción presentada polo grupo municipal nacionalista, de data 17 de xuño de 2013, con entrada municipal o mesmo día co número de rexistro 3408. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 20 de xuño de 2013.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** iniciou o debate sinalando que había que negociar co concelleiro **Manuel Fernández López** este tema, lembrando que utilizaba parágrafos e aspectos para desvirtuar a moción que no procedían.

Coidaba que coa utilización de herbicidas nos cómaros contaminábase o solo e o subsolo e por ende, os acuíferos, que estaban cheos de herbicidas e eran os máis contaminados. Citou que

nalgúns países da Unión Europea se controlaba o uso desta clase de produtos, regulándoo con normas, poñendo condicións ó seu emprego, e mesmo dando axudas para elo. Aquí non sucedía o mesmo, e por elo coidaba que había que prestar atención a esta situación.

O Sr. Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, coa intención de matizar, indicou que na zona de Lalín os cómaros, chamábanse “comareiros”.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** salientou que estaba de acordo coa moción. Non entendía a actitude neste tema da Xunta de Galicia, nin do Ministerio de Fomento nin da Deputación de Pontevedra. Coidaba que había que prohibir estes usos e acometer campañas de sensibilización cos gandeiros para que, de non ter máis remedio, empreguen con coidado estes produtos.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** dixo que non entendía unha parte da moción. Era unha contradición que sendo produtos legais, fosen nocivos ao medio ambiente. Non estaría mal informarse dos efectos e das consecuencias que acarrea a utilización destes produtos, e concienciar á xente, sensibilizándoa deste problema.

Desde o grupo de goberno, **D. Manuel Fernández López** indicou que estaba en contra da moción tal e como se indicou na sesión da comisión informativa. A utilización desta clase de produtos era necesaria para os gandeiros.

Discrepaba con algunhas das afirmacións da moción. En concreto coidaba que cando se empregaban nos cómaros, os seus efectos non se estendían ás fincas colindantes.

Doutra banda entendía que os gandeiros utilizaban estes produtos porque era necesario na súa actividade profesional e non por gusto. Ademais custábanlles moitos cartos compralos.

Indicou que se había outra solución mellor, máis barata ou outro método ou alternativa mellor, que se expoñera, que estaban dispostos a estudala. Eles, quería deixar claro, que preferirían non sulfatar as herbas.

De novo, **D. Xesús Cordeiro Budiño** comentou que non era para acabar coas malas herbas, senón coas herbas “advenedizas”.

Reiterou que o que pedían era unha chamada de atención aos poderes públicos para que non utilizasen estes materiais, e os controlasen; tamén para que os gandeiros tivesen coidado e fosen conscientes do dano que causan.

*Na moción pedíase:*

1.- *Instar á Xunta de Galiza e á Deputación provincial a que vixien e impidan a aplicación de herbicidas nas vías da súa competencia, promovendo técnicas alternativas menos agresivas como as rozas mecánicas selectivas que respecten as especies autóctonas e promover campañas de sensibilización entre os gandeiros de Lalín que limiten o uso de pesticidas.*

2.- *Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a prohibición do uso de herbicidas nas vías de competencia estatal, tal como ven facendo o Ministerio de Fomento, utilizando alternativas que respecten o medio ambiente, os cultivos e as augas.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: seis (6), sendo tres (3) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.*

*Votos en contra: catorce (14) do PP.*

*Abstencións: ningunha.*

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

## **8.- MOCIÓNS POR URXENCIA**



### **8.1.- MOCIÓN POR URXENCIA DO PSdeG-PSOE PARA ABRIR UNHA VÍA PARA ACADAR A REBAIXA DA PEAXE DA AUTOESTRADA AP-53.**

Deuse conta pola Presidencia desta moción presentada por urxencia polo grupo municipal socialista de data 19 de xuño de 2013.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** referiuse brevemente ao contido da moción, tema xa debatido e visto en moitas sesións plenarias. Era xa coñecida a postura do seu grupo desde o principio.

Agora, e diante do elevado custo que supón o uso da AP-53 aos posibles usuarios de Lalín, compría realizar xestións diante do Ministerio de Fomento tendentes a reducir as tarifas actuais, excesivas. Por isto se presentaba a moción.

Desde o grupo de goberno, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que vía ben a iniciativa, pero era partidario de pedir ao Ministerio de Fomento que transfira a titularidade do tramo da AP-53, Dozón-Santiago de Compostela á Xunta de Galicia e condone a débeda de sesenta millóns de euros, concedida en forma de subvención. Unha vez que a estrada sexa propiedade da Xunta de Galicia, pedirase que condone o importe antes indicado e reduza as tarifas.

Doutra banda indicou que seguramente o seu grupo presentaría unha moción na vindeira sesión plenaria, solicitando o que estaba a dicir. Así mesmo pediu que non se solicitase a entrevista, porque non a ía conceder, e se pedise directamente á Sr<sup>a</sup>. Ministra de Fomento a parte dispositiva da moción.

Sometida a votación a urxencia da moción mediante o sistema de man alzada por **UNANIMIDADE** dos asistentes, **aprobose** a dita urxencia.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, **aprobose** a moción, do seguinte tenor:

O 15 de decembro de 1998 publícase a Orden de 27 de novembro pola que se aproban os pregos de bases e de cláusulas administrativas particulares a que deberá axustarse a concesión, conservación e explotación da autoestrada de peaxe “Santiago de Compostela-Ourense, tramo Santiago-Alto de Santo Domingo”. Posteriormente con data de 12/11/1999 publícase o Real Decreto 1702/1999, de 29 de outubro, polo que se adxudica a concesión administrativa para a construción, conservación e explotación aos concursantes en agrupación constituída por “F.C.C. Construción, Sociedade Anónima”, “A.C.S. Actividades de Construción y Servicios, Sociedad Anónima”, “Obrascon-Huarte, Sociedad Anónima”, “Construcciones Lalín Sociedad Anónima”, “Sacyr, Sociedad Anónima”, “Autopistas Concesionaria Española, Sociedad Anónima”, Empresa Nacional de Autopistas, Sociedad Anónima”, “Ibérica de Autopistas, Sociedad Anónima, Concesionaria del Estado”, Caixa de Aforros de Galicia, Caixa de Aforros Provincial de Ourense, Caixa de Aforros Municipal de Vigo e Caixa de Aforros e Monte de Piedad de Madrid, nos termos contidos na súa oferta presentada a concurso convocado, por procedemento aberto, coas modificacións introducidas na mesma pola súa oferta presentada o día 21 de setembro de 1999 ao procedemento negociado.

A autoestrada púxose en servizo por treitos en decembro de 2002, e dende a súa inauguración o traxecto Santiago-Silleda, de 33 quilómetros, xa era dos máis caros do Estado, algo que se agravou coa inauguración do treito final ata Santo Domingo.

Os viaxeiros que saían en Lalín tiñan que pagar peaxe ata o final, algo que continua sucedendo na actualidade, polo que se pagan 10 quilómetros, aínda que non se utilicen.

Este ano, e despois de múltiples subidas das tarifas por distintos motivos, os vehículos que circulan por dita autoestrada deben pagar case que un 65 % máis da peaxe orixinal.

A autoestrada Ourense-Santiago foi concibida no último goberno de **D. Felipe González** como unha autovía libre de peaxe, como eixo vertebrador da Galicia interior, pensada para

rematar co illamento dos pobos do interior e ó mesmo tempo potenciar a Galicia rural. Posteriormente decídese realizala por tramos e hoxe vemos a paradoxa de ter unha vía dividida en dous, con distintos propietarios e un treito con peaxe e outro libre del. As altas tarifas que temos na actualidade, lonxe de acadar os obxectivos acadados, fan de barreira infranqueable para a comunicación dos pobos do interior coa capital e a costa atlántica. Ollando as estatísticas comparativas do tráfico da AP-53 e na N-525 vemos un aumento do tráfico na autoestrada dende o ano 2006 ata o 2010 para descender de forma clara no ano 2012. Se no ano 2006 circulaban 4833 vehículos lixeiros e 335 pesados pola autoestrada, no ano 2010 eran 6159 e 363 respectivamente, diminuíndo progresivamente ata os 4954 e 288 do ano 2012. Polo contrario a N-525 seguiu unha progresión inversa de 14.000 do ano 2006 pasou a 8400 no ano 2009, volvendo a incrementar a cifra ata os 10.300 do ano 2011. Así, vemos que o ano pasado circularon 9580 vehículos lixeiros e 687 vehículos pesados polo punto de control situado en Prado.

Como comprobamos cos datos anteriormente expostos a AP-53 non esta a cumprir coas funcións para as que foi concibida, debido por un lado ao seu alto custo e por outro á crise que estamos a pasar nos últimos anos.

Ante estes datos o Pleno do Concello, a instancia do Grupo Municipal Socialista propón plantexar ó Ministerio de Fomento unha rebaixa da peaxe como paso previo á súa supresión cando as circunstancias económicas así o permitan.

Proposta de rebaixa:

- Rebaixar nun 50 % o custo do traxecto completo Santiago-Alto de Santo Domingo, quedando este en 2,90 euros.

- Dividir esta tarifa entre os 46 quilómetros que hai de Santiago a Lalín, o que nos daría un prezo por quilómetro 0,06 euros fronte os 0,128 euros que se pagan na actualidade.

- O custo por quilómetro sería igual para todos os tramos polo que non se vería agravado o tramo Silleda-Lalín, ao repartir o custo dos 10 quilómetros de Lalín Alto de Santo Domingo, entre os 46 quilómetros.

- O traxecto de Lalín a Silleda que na actualidade vale 2,40 euros pasaría a custar 0,80 euros.

- Cos vehículos pesados faríase a mesma operación, partindo da metade dos prezos actuais; dos 9,80 euros e 11,60 euros da actualidade para vehículos pesados das clases 1 e 2, pasaría a 4,90 e 5,80 euros respectivamente.

O Goberno do Estado, a petición do Ministerio de Fomento, pode, de forma unilateral modificar en ben do interese público as tarifas que rexen na actualidade. Así ven recollido no artigo 24 da Lei 8/1972 de 10 de maio sobre construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión.

En caso de verse afectado o réxime económico financeiro, faranse as correccións necesarias para acadar o equilibrio económico financeiro de maneira que resulten compensados o interese público e o interese da empresa explotadora.

Con estas medidas de rebaixa nós consideramos que é doado duplicar o número de vehículos que circulan pola autoestrada na actualidade. Obsérvase que utilizan a N-525 o dobre de vehículos lixeiros e bastante máis do dobre de vehículos pesados. Logrando isto, a recadación da concesionaria non se vería afectada e veríase multiplicado o interese xeral, axudando a cumprir cos obxectivos polos que foi concibida a autoestrada.

Consideramos que non só se duplicará o tráfico senón que, por exemplo, no tramo Lalín-Silleda que hoxe en día evita o 90 % dos usuarios da autoestrada, coas tarifas que propoñemos veríase multiplicado entre 5 e 10 veces.

Como contrapartida, a empresa podería reclamar parte do incremento en gasto de mantemento o examinar o convenio entre Xunta de Galicia e a empresa concesionaria para o

enlace da AP-59, con AP-53 entendese que o importe total que recibirían non chegaría aos 200.000 euros. Este custo debería ser asumido polo Goberno Central que dispuxo de fondos públicos este ano para rebaixar peaxes ou rescatar autoestradas noutras Comunidades, ou ben pola Xunta de Galicia como xa fixo coa AP-9.

Nestes intres, temos a vantaxe de que tanto o Presidente da Xunta como a Ministra de Fomento, deputada pola nosa provincia, teñen o compromiso, así o prometeron en Lalín en reiteradas ocasións de rebaixar a peaxe da autoestrada AP-53.

O Pleno do Concello, a instancia do grupo municipal socialista **ACORDOU** pois:

**Solicitar á Ministra de Fomento, D<sup>a</sup>. Ana Pastor Julián, que faga realidade a rebaixa da peaxe da AP-53 nas condicións anteriormente expostas.**

## **8.2. RENUNCIA A ACTA DE CONCELEIRO DE D. JOSÉ DOMÍNGUEZ CABALLERO.**

Dáse conta pola Presidencia do escrito presentado por *D. José Domínguez Caballero*. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao mesmo.

No dito documento *D. José Domínguez Caballero* con data de 25 de xuño de 2013 e nº de rexistro 3689 renuncia á súa condición de concelleiro do Concello de Lalín (Pontevedra) por motivos persoais.

Por **UNANIMIDADE** dos asistentes (20 concelleiros) acordouse **RATIFICAR** a urxencia do escrito e a moción.

O Sr. Alcalde-Presidente lamentou a súa marcha e agradeceu a dita persoa os servizos prestados ata o de agora nesta Corporación.

A continuación o concelleiro renunciante expuxo e fixo un resumo das súas xestións como concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes do Concello de Lalín desde a toma de posesión o día 15 de xuño de 2011 ata o día de hoxe.

Posteriormente tras a lectura de dito escrito polo Sr. Secretario, o Pleno do Concello de Lalín quedou enterado e acordou por **UNANIMIDADE** dos asistentes (20 concelleiros):

**PRIMEIRO.- ACEPTAR** a renuncia de D. José Domínguez Caballero ó seu cargo de concelleiro do Concello de Lalín (Pontevedra) polos motivos antes expostos.

**SEGUNDO.-** Solicitar á Xunta Electoral Central que designe o novo concelleiro deste Concello de Lalín que corresponda, o antes posible.

## **9.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

### **9.1 ROGOS.**

#### **P.G.D**

#### **D. Camilo Conde López.**

**ROGO.-** Pide retomar o tema do retorno das empresas téxtiles, que volvan de China a España. En concreto pide que se podería empezar a configurar un viveiro de empresas buscando instalacións para que se ubiquen en Lalín.

Contestou **D. Xosé Crespo Iglesias** no sentido de que xa estaba redactado o proxecto do futuro viveiro de empresas no polígono Lalín 2000.

## **BNG**

### **D. Xesús Cordeiro Budiño.**

**1.- ROGO.-** Pide que no parque infantil dos xulgados se instalen varias papeleiras e bancos, polo menos dous.

**D. Xosé Crespo Iglesias** remitiuse ao concelleiro delegado na materia, **D. Camilo González Bodaño**.

**2.- ROGO.-** Pide que se acondicione a parte baixa do palco construído no Auditorio ao aire libre nas inmediacións do Auditorio, xa que hai lixo, o terreo é labrego, e compre habilitar ou acondicionar un espazo onde cambiarse as persoas que van actuar alí, diante da xente. Sería positivo botar gravilla ou area con cemento.

**D. Xosé Crespo Iglesias** remitiuse ao concelleiro delegado na materia, **D. Camilo González Bodaño**.

## **9.2. PREGUNTAS.**

### **PSdeG-PSOE**

#### **D. Manuel María González Aller.**

**1º.- PREGUNTA.-** Nas respostas ás preguntas formuladas polo seu grupo sobre a empresa EULEN encargada do mantemento e conservacións de parques e xardíns non consta claramente a resposta. Por elo volve a reiterar: ¿Están a facer o seguimento do cumprimento do dito contrato á dita empresa? ¿Quen é o responsable do dito seguimento?

**D. Manuel Gómez Estévez** indicou que había unha persoa encargada de facer o seguimento con informes, en concreto o funcionario **D. Francisco Guerra García**.

**2ª. PREGUNTA.-** ¿Como está a obra solicitada de valar o talud que está detrás da Alameda, na zona do Ambulatorio?

Contestou **D. Camilo González Bodaño** indicando que se estaban a pedir os orzamentos.

En relación coa primeira e coa segunda pregunta **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que non estaba satisfeito coa xestión que actualmente realiza a empresa EULEN S.A, no mantemento dos parques e dos xardíns de Lalín. Afirmou que veu á licitación cunha baixa importante, que podía ser temeraria sobre a do prego e levouse o contrato. O Concello inspeccionaría e poñería as sancións, se procedesen, para que cumpra o contrato. En principio o control correspondía ao concelleiro encargado. **D. Camilo González Bodaño** e ao funcionario **D. Francisco Guerra García**. Repetiu que estaban totalmente descontentos coa xestión da dita empresa e referiuse ás rotondas como exemplo delo.

**D. J.A.Cristóbal Fernández Vázquez** dixo que a empresa non cumpría con ter o local anunciado na súa oferta, e levaba xa catro meses sen cumprir esta obriga importante.

O Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, dixo que o Sr. Secretario quedaba encargado deste

*tema a partires de agora.*

O Sr. *Secretario* indicou que estas instalacións levaban sen atención desde novembro do ano pasado ata cando comezou o contrato actual, podendo ser esta unha das causas.

**O Sr. Presidente** indicou que o tempo aludido era en todo caso inferior, sobre tres meses. Dixo que respondería por escrito.

E, sendo as doce horas e cincuenta e nove minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren e no mesmo lugar, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace  
O Alcalde-Presidente